

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA

Nivel 👉👉👉



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-OF-Óptica/Fotónica
Mutando as cores

Actividades elaboradas coa colaboración de



Mutando as cores

Achega

- ▶ 3 recipientes transparentes e lisos; por exemplo, tres vasos.
- ▶ Punteiro láser verde.
- ▶ Aceite de oliva, xabón lavalouzas (mellor se é verde para ver mellor o láser) e auga.

Observa

- ▶ Os láseres que imos empregar son verdes, pero non todos os láseres son da mesma cor.
- ▶ A cor depende da lonxitude de onda, unha distancia que percorre a luz cando atravesa un medio; por iso non sempre é a mesma.
- ▶ Sabías que se pode comprobar a calidade do aceite de oliva virxe (AOVE) cun láser verde?

Indaga

- ▶ Enche un vasiño con aceite de oliva e outros dous con auga cun chisco de lavalouzas.
- ▶ Sitúate nun lugar en penumbra para poder facer unha boa observación do feixe de luz.
- ▶ Apunta o punteiro láser a través da auga xabonosa e logo a través do aceite. Realiza esta experimentación con cada líquido de modo individual. Que ocorre en cada caso?
- ▶ Por que cres que se dá este fenómeno cando atravesa o aceite? Terá algo que ver o pigmento verde chamado clorofila?

- ▶ Pon o lavalouzas a continuación do aceite e fai que o láser atravesese ambos. Que sucede agora? Por que sucede? Proba diferentes ordenacións e mira como se suceden os cambios de cor.
- ▶ Proba con outros líquidos e sólidos transparentes e observa se logras acadar algún fenómeno parecido.



Sigue o código QR do reverso para máis información.
Emprega o acceso de convidados.

